

## ANEXO III

Méritos	Puntos por curso ou actividade	Total puntos Máximo	Documentos
1. Proxecto de estudos ou traballo. 1.1. Para as modalidades 1, 5, 6 e 7, polo interese que ofrezca para mellorar a calidade do ensino. Será necesario acadar un mínimo de 4 puntos. 1.2. Para as modalidades 2, 3 e 4 a puntuación outorgarase do seguinte xeito: -Curso completo ou número de materias equivalente. -Curso completo ou número de materias equivalente menos outra materia. -Curso completo ou número de materias equivalente máis outra materia. -Curso completo ou número de materias equivalente menos dúas materias. -Curso completo ou número de materias equivalente máis dúas materias. Nota.-A media entre 12 e 15 créditos é 13.50, que é o que se considera unha materia, coa duración dun curso académico, tendo en conta o artigo 9º.2 da orde de convocatoria. A suma do número de créditos dividido entre 13.50, dá o número de materias. No caso de acollerse a un plan de estudos para obter o título de grao deberase presentar unha copia da valoración en ECTS das materias que restan para convertelas a créditos segundo o plan de estudos anterior.		10  7 6 5,5 5 4,5	O solicitado para cada modalidade no anexo IV.
2. Méritos docentes: 2.1. Servizos docentes. Por cada ano de servizos na función pública docente (non se computarán os exixidos como requisito)..... 2.2. Informe do Servizo de Inspección de Educación. Ata.....	1 punto por ano completo	Por esta subepígrafe ata 10 puntos 1	
3. Actividades de formación permanente organizadas ou homologadas polas administracións educativas: 3.1. Docencia en actividades de formación do profesorado..... Nota.-Para os titores de prácticas de mestres, do ICE e das universidades (prácticas de psicopedagogía ou similar) puntuarase 0,10 puntos por cada ano. 3.2. Coordinación e/ou asistencia a actividades de formación do profesorado....	Por cada 10 horas: 0,05 puntos  Por cada 10 horas: 0,05 puntos	2  4	Fotocopias compulsadas das certificacións acreditativas.
4. Publicacións sobre a materia ou especialidade de ensinanzas..... Nota.-A puntuación de cada publicación divídese polo número de persoas autoras.	Por libro: Non especializado ata: 0,50 p Especializado ata: 1 p Artigo en revista: Non especializada ata: 0,10 p Especializada ata: 0,20 p Vídeo, cassette, disquete, CD, DVD, pintura, partitura: Non especializado ata: 0,25 p Especializado ata: 0,50 p	3	Exemplares orixinais ou fotocopias compulsadas da totalidade do traballo, en que conste o ISBN se son libros ou ISSN se son revistas. As publicacións en soporte audiovisual ou informático tamén deberán ter ISBN.
5. Méritos académicos non exixidos para o ingreso no corpo: 5.1. Título de doutor..... 5.2. Licenciatura ou equivalente..... 5.3. Diplomatura ou equivalente..... 5.4. Por cada ciclo ou grao de ensinanzas de réxime especial..... 5.5. Outros estudos de posgrao (DEA ou equivalente, títulos propios da universidade, mestrados, etc.).....	2,50 puntos 1,50 puntos 1 punto 0,25 puntos 0,25 puntos	4	Fotocopias compulsadas de títulos ou certificación de estudos, se é o caso.

## ANEXO IV

Esquema dos contidos dos proxectos de licenzas por estudos e documentación complementaria.

Modalidade:

1. Tese.

1.1. Título da tese.

1.2. Certificación académica orixinal ou fotocopia compulsada de estar en posesión do diploma de estudos avanzados (DEA) ou equivalente.

1.3. Certificación orixinal ou fotocopia compulsada do departamento no que estea inscrita a tese.

1.4. Nunha extensión máxima de 10 páxinas en papel tamaño DIN-A4, a dobre espazo e cunha letra de 12 puntos, expresión do traballo xa realizado e o que restaría para o período da licenza, salientando aspectos como a contextualización, obxectivos, relación co currículo e aquelas outras que se consideren para a súa mellor valoración en función do interese para as distintas etapas educativas.

1.5. Informe da persoa que a dirixe, segundo o modelo do anexo VII, en que se especifique a data do comezo do traballo e que este se atopa na fase final da súa elaboración.

2. Primeira licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou estudos equivalentes.

2.1. Escrito en que se especifique claramente as materias que lle faltan para obter a licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou estudos equivalentes, concretando a que curso pertencen.

2.2. Certificación académica orixinal do curso 2008-2009, dos estudos realizados ata a data, correspondentes á licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou estudos equivalentes que solicita, en que conste, se é o caso, as materias nas que estea matriculado no curso 2008-2009.

2.3. Fotocopia do plan de estudos que está a seguir.

2.4. Centro en que proxecta realizar os estudos: nome, enderezo, localidade, provincia, país e teléfono.

2.5. Promesa ou declaración xurada de non ter previamente unha titulación equivalente ou superior.

3. Primeira diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou estudos equivalentes.

3.1. Escrito en que se especifiquen claramente as materias que lle faltan para obter a diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou estudos equivalentes, concretando a que curso pertencen.

3.2. Certificación académica orixinal do curso 2008-2009, dos estudos realizados ata a data, correspondentes á diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou estudos equivalentes que